



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Extra de Setembro 2020 • COVID-19 • Nº 250

CITAS PREVIAS - COVID

■ Para calquera xestión que teñas que realizar nos diferentes departamentos **LEMBRA** que **É NECESARIO SOLICITAR CITA PREVIA**.

Podes solicitala no teléfono 981 814 612

■ UNIDADE MÓBIL ITV AGRÍCOLA

O 16 E O 17 DE SETEMBRO NO CAMPO DA FESTA DE VEDRA.

Xa podes solicitar cita previa para a realización da ITV de vehículos agrícolas en Vedra que estará no campo da festa de Vedra nas seguintes datas e horarios:

- 16 de setembro de 8:00 a 13:30 horas e de 15:00 a 18:30 horas.
- 17 de setembro de 8:00 a 11:15 horas.


Solicita a túa cita no teléfono 902 30 90 00 ou na web www.sycitv.com



COVID-19



Uso de xel hidroalcohólico



Gardamos a distancia social



Obrigatorio o uso de máscara



Non acudimos se temos síntomas



Concello de Vedra



VEDRA SOSTIBLE: CAPA DE OZONO

Loitar contra o cambio climático e os seus efectos e substitución e fomento de enerxías alternativas.

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

AXENDA

- 15 de setembro de 9:00 a 14:00 h: Servizo de catastro no salón de plenos do Concello.
- 16 e 17 de setembro: Unidade móbil ITV agrícola no campo da festa de Vedra.
- 21 de setembro: Festividade local "O Patio".
- 25 de setembro ás 21:30 h: Observatorio astronómico en Trobe.





...O PASATEMPO DE VERÁN!

■ Rematado o Programa de reactivación cultural PASATEMPO DE VERÁN, que Vedra paseou por todas as súas parroquias nos meses de xullo e agosto, facemos repaso. Este programa dividiuse como o día en Amenceres, Tardiñas e Noitiñas...

Os amenceres... Contaron con 228 persoas participantes nas súas 15 sesións que con propostas cheas de enerxía e saudables facían que a xornada comezara dun xeito memorable: ioga e bailoterapia ao aire libre, sempre que o tempo o permitiu, rutas en piragua polo Ulla, andainas, rutas en bicicleta,... Dende logo unha perfecta combinación para gozar da nosa natureza.

Os martes era o día das **Tardiñas...** Pensadas con perspectiva de xénero e buscando sorprenden a participantes con actividades distintas e orixinais (xogos do mundo, deportes alternativos, obradoiros creativos, músicas e bailes, escapismos,...) Foron 8 sesións nas que se sempre se contou con arredor da trintena de participantes entre 3 e 12 anos, sumando un total de preto de 200 persoas, que nun espazo aberto como é a contorna do campo da festa de Vedra enredaron estas tardiñas de verán!!

Noitiñas de verán... Encheu de espectáculos, cine, concertos, conversas, acampada, alternativas deportivas... os campos das festas das 12 parroquias do concello de Vedra, durante as noites de xullo e agosto. Desenvolvéronse un total de 18 actividades nas que participaron máis de 800 persoas.

Agradecemos...

A colaboración e o compromiso coa cultura das asociacións locais: A.C. Papaventos, Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e Club Ribadoulla-cicloescusa. Tamén a Antón e a Estrella por mostrarnos o seu bo facer nesas conversas cheas de aprendizaxes. Ás empresas locais de ocio: CPM Eventos, Anacos e Barulladas e a todos os artistas, grupos, monitores/as... pola súa profesionalidade. Á Deputación da Coruña pola súa colaboración a través da Rede Cultural, á Secretaría Xeral de Política Lingüística pola súa cooperación a través do programa Fala Redes, ao voluntariado xuvenil polo seu labor... e por suposto a toda a xente participante nas actividades por acompañarnos nesta iniciativa que pretendía aportar o noso gran de area por reactivar a cultura e por recuperar a confianza da veciñanza asistindo presencialmente ás actividades culturais.

Graciñas por ser partes deste "Pasatempo...de verán".



Noitiña de conversa con Estrella Camino en Trobe.



Andaina nocturna.



Noitiña de cine en Santa Cruz.



Noitiña de acampada.



Noitiña de cine en San Pedro de Sarandón.



Noitiña xuvenil de piscina.



Noitiña de monólogos en San Mamede.



Noitiña de conversa con Antonio Vázquez García.



Noitiña de Brinca vai en San Xián.



Noitiña de escalada.



Descenso en piragua polo Ulla.



Noitiña de rock en San Xián.



Noitiña anda ca banda en Vilanova.



Noitiña de verán co Capitán Garfo en Illobre.



Noitiña con Teatro á Feira no Campo da Festa de Vedra.



Noitiña de verán de contacontos con Bandullo Azul en Ponte Ulla.



Noitiña infantil en San Miguel con Voa Voa do Programa Falaredes.



Noitiña de contos con Andaravía Teatro en Merín.



Sesión de bailoterapia no Amencer na Área Recreativa de Cubelas.



Ruta en bicicleta co club Ribadoulla por San Fins.



Sesión de ioga no amencer na Área Recreativa de Agronovo.



Unha tardiña de verán

CAMPAÑA DE APOIO AO COMERCIO LOCAL "HAI VEDRA"

■ Chegamos á recta final desta campaña. Unha iniciativa que se puxo en marcha con motivo desta situación de emerxencia e que pretendía potenciar e impulsar ás empresas e comercios locais estimulando as compras/gasto no municipio.

Queremos informar que ao longo do mes de agosto distribuimos en todas as vivendas do concello a nova "Guía de empresas, comercios e servizos de Vedra", se por algún motivo non a ten, pode solicitala na casa do Concello. Así mesmo, tamén se pode atopar actualizada na páxina web municipal.

Por outra parte, o pasado venres 21 de agosto tiveron lugar os sorteos da campaña "Hai Vedra". Sorteáronse un total de 180 vales de compra entre as persoas participantes: 10 vales de 100 €, 20 vales de 50 €, 50 vales de 30 € e 100 vales de 20 €.

Os/as gañadores/as poderán gastar os vales de compra ao longo dos meses de setembro e outubro de 2020 nas empresas/comercios do concello de Vedra. O gasto pode realizarse en calquera negocio, servizo e sector.


Queremos aproveitar a ocasión para agradecer a colaboración das empresas locais nesta acción que tratou de poñer en valor o noso. Tamén o noso agradecemento á veciñanza que participou coa súa imaxe na cartelería creada para o apoio aos diversos sectores.

Mercar en Vedra os 365 días do ano, sen lugar a dúbidas é a mellor opción, é a maneira de apoiarnos.


#Compromiso coas empresas locais



Momento do sorteo da campaña "Hai Vedra".



Área de recreo de Agronovo, con aluguer de piraguas e moito máis este verán.



Así foi o paso por Vedra do xogador de baloncesto José Manuel Calderón, no seu Camiño.

ASÍ FOI O VERÁN DAS ASOCIACIÓNS



A Escola de Verán de AMABUL...



...con actividades infantís e xuvenís nos meses de xullo e agosto.



Cine Verán Asoc. Senunpeso: "Eroski Paraíso".



Cine Verán Asoc. Senunpeso: "O que arde".



LEMBRA QUE PODES FACER USO DOS SEGUINTE SERVIZOS...

PUNTO LIMPO!

■ Chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita para achegarte ao Punto Limpo situado no lugar de Fornelos na parroquia de Vedra.

Horarios:

- Martes de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados de 9:00 a 14:00 horas.

SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría no alumado chama ao 699 304 702 ou avisa a través da aplicación colgada na web municipal.

AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA

■ Se atopas algún niño de velutina **LEMBRA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN** establecido pola Xunta de Galicia e a FEGAMP... **CHAMA AO 012**



SERVIZO DE NOVAS CONCELLO DE VEDRA

■ Na actualidade máis que nunca, é moi útil coñecer dun xeito directo e automático toda a información de interese. Para iso podes contar con todos os servizos de información municipais:



- Solicita formar parte do servizo de novas por Whatsapp escribindonos ao teléfono 663 893 398.
- Solicita formar parte do servizo de novas no teu enderezo electrónico escribindonos a cultura@concellodevedra.com
- Visita a páxina web www.concellodevedra.es
- Visita a páxina de facebook [@concellodevedra](https://www.facebook.com/concellodevedra)
- Súmate ao instagram [#concellodevedraoficial](https://www.instagram.com/concellodevedraoficial)

SERVIZO DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ Solicita a recollida de voluminosos no teu domicilio no teléfono **981 814 612**.

Este servizo visitará o teu domicilio para realizar a recollida dos teus voluminosos dúas veces ao mes.

CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE CADA MES CON CITA PREVIA

■ En setembro volve este servizo de información especializada no catastro.

- Data: martes 15 de setembro.
- Horario: de 9:00 a 14:00 Horas.
- Lugar: salón de plenos do concello.

Para facer uso deste servizo será necesario solicitar cita previa no teléfono 981 814 612

...NESTE PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL:

1) Subminístrase a información catastral ás persoas interesadas, así como a recepción, recursos, cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por parte das persoas con titularidade catastral.

2) Facilítase información catastral ás persoas interesadas.

3) Facilítase información catastral sobre dos criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.

4) Solicítase a información e recóllense os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións presentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.



PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA

■ A Xunta de Galicia, ten varios programas abertos de axudas en materia de vivenda para o ano 2020, entre os que compre destacar:

REHABILITACIÓN E VIVENDA

1.- Apoio para vivendas do camiño de Santiago, Illas Atlánticas e Ribeira Sacra (ARIS): Ata 30.000 € para renovar, mellorar ou reconstruír. Prazo ata o 30 de outubro.

2.- Programa Rehaluga: Ata 8.000 € para rehabilitación e mellora de vivendas baleiras destinadas ao alugueiro.

3.- Apoio alugueiro social pola COVID: Ata 500 €/mes durante 6 meses, se se atopa nunha situación de vulnerabilidade.

4.- Bono de alugueiro social para colectivos vulnerables: 100% do custo do alugueiro ata fin de ano, para vítimas de violencia de xénero, explotación sexual e outros colectivos vulnerables.

Máis información en igvs.xunta.gal ou no concello de Vedra no teléfono 669 450 801 (de luns a venres de 9:00 a 13:00 horas).



Medio Rural



CAMBIOS NAS COMUNICACIÓNS DE CORTA DE MADEIRA PARA USO DOMÉSTICO

■ Segundo o disposto no Decreto 73/2020 da Consellería do Medio Rural (DOG do 20 de maio de 2020) as declaracións responsables a través das cales a veciñanza comunicaba as cortas de madeira para consumo doméstico só se admitirán por vía telemática, polo tanto xa non se poderán tramitar presencialmente a través dos axentes medioambientais ou dende o Concello. O proceso de tramitación será o seguinte:

Como tramitar un aproveitamento forestal?

1.- Obter un certificado dixital (<https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados>) ou unha Chave365.

2.- Consultar as afeccións no visor [tp://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos](http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos). Se hai afeccións deberá solicitar autorización, senón pode presentar unha declaración responsable e cortar o mesmo día.

3.- Entrar na Sede Electrónica da Xunta de Galicia co certificado ou Chave365 (<https://sede.xunta.gal>).

4.- Na guía de procedementos e servizos, buscar os procedementos MR604R (declaración responsable) ou MR604N (autorización).

5.- Introduza os datos que lle pide a páxina (precisará a referencia catastral, entre outros) e pulsando o botón “presentar” rematará a presentación en sede electrónica.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Informamos que ante a situación xerada polo coronavirus e en atención ás medidas de contención aplicadas desde o concello de Vedra, o servizo de cafetería e a sala de xogos (baralla...) do centro social da Terceira Idade permanerán pechados ata novo aviso.

Así mesmo, e con respecto ao inicio de actividades nesta nova normalidade, priorizamos exclusivamente as actividades que consideramos necesarias para favorecer a prevención do deterioro cognitivo e de mantemento das capacidades físicas das persoas maiores.

■ **Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias:** de luns a venres de 10:00 a 13:00 h.



Centro Social da Terceira Idade de Vedra.

■ **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 18:00 a 19:00 h. (grupo I) e de 19:00 a 20:00 h. (grupo II)

■ **Traballo corporal:** os martes de 18:00 a 19:00 h.

■ **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:30 h. (grupo I) e de 18:30 a 20:00 h. (grupo II)

Todas as actividades-grupos contarán con 10 prazas cada unha. Respetarase a distancia entre persoas e as medidas hixiénico-sanitarias.

O uso de máscara será obrigatoria.

Para máis información e inscricións: 981814695 – 981814693

Cultura

PROTOCOLO E NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VEDRA COVID-19

1.- Non se levarán a cabo actividades culturais, de estudo en sala ou de préstamo interbibliotecario.

2.- USO OBRIGATORIO DE DISPENSADORES DE XEL HIDROALCÓLICO OU DESINFECTANTE VIRUCIDA.

3.- NON se poderá facer USO DOS ORDENADORES e medios informáticos da biblioteca destinados para uso público, así como de catálogos de acceso público en liña ou catálogos en fichas da biblioteca.

4.- Respetar a distancia mínima de seguridade.

5.- O aforo da biblioteca será dun máximo de 20 persoas para garantir que se cumpren as medidas de hixiene e prevención.

6.- Recoméndase que as persoas usuarias ACUDAN SÓAS ás bibliotecas.

7.- MENORES DE 14 ANOS só terán acceso en compañía dunha persoa adulta responsable.

8.- ACUDIR CON CITA previa e facer a solicitude (no 981 502 262 ou vedra.rbgalicia@eidolocal.es) 24 horas antes.

9.- NON se poden TOCAR os LIBROS nin os ESTANTES.

10.- As obras serán solicitadas polos/as usuarios/as e proporcionadas polo persoal da biblioteca. Unha vez consultadas depositaranse no lugar habilitado ao efecto e estarán separadas durante polo menos 14 días.

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA EN TROBE O 25 DE SETEMBRO

■ Dentro da programación “Astronomía nas Rutas Xacobeas” do Observatorio Astronómico R.M. Aller e a Universidade de Santiago de Compostela presentase esta actividade que mestura coñecementos os coñecementos astronómicos coa beleza no ceo.

- Data: 25 de setembro
- Lugar e hora: No contorno do Local Multiusos de Trobe ás 21:30 h.

INSCRICIÓNS NO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO
TELÉFONO 981 814 691 OU NO ENDEREZO ELEC-
TRÓNICO cultura@concellodevedra.com



TEATRO NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA “OS QUINQUILLÁNS”, COA SÚA OBRA “LANGUAGE PLANNING” SÁBADO 3 DE OUTUBRO ÁS 21:15 H.

■ O Concello de Vedra e a través do Programa “Rede Cultural” da Deputación da Coruña e coa colaboración da Asoc. Cultural Papaventos, presenta esta actividade cultural.

O aforo será limitado e a asistencia requirirá a solicitude de cita previa a través da seguinte ligazón <https://forms.gle/Vfk1G96kEFkvWka46> aloxada na páxina web municipal: www.concellodevedra.com

Tamén podes inscribirte no teléfono 981 814 691 de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.



Voluntariado

VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Este verán o concello de Vedra está a contar cun grupo de 10 voluntarios/as xuvenís que teñen entre 16 e 25 anos. Nesta ocasión a acción voluntaria céntrase en promover o desenvolvemento sociocomunitario das familias, da infancia e da mocidade no ámbito do concello. Este programa é unha boa oportunidade para promover a cultura solidaria e a participación activa na acción voluntaria, ao tempo que fomenta valores de solidariedade e civismo... entre os/as participantes.



PROGRAMA PEL REACTIVA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ A Deputación da Coruña, no marco do Plan de Emprego Local, vén de convocar o fondo de financiamento para a reactivación económica da provincia da Coruña PEL-REACTIVA.

A través deste Fondo, os concellos de menos de 50.000 habitantes dispoñemos dos recursos económicos necesarios para convocar axudas dirixidas ás persoas profesionais autónomas e microempresas dos nosos municipios que máis sufriran neste ano a situación da COVID-19. Pode consultar a normativa reguladora e as condicións do fondo PEL-REACTIVA nas seguintes ligazóns:

- Normas reguladoras, publicadas BOP nº 123 de 5 de agosto de 2020: https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/05/2020_0000005419.pdf
- Modificación das normas reguladoras pola que se

inclúen os anexos, publicada no BOP nº 128 de 12 de agosto de 2020: https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/12/2020_0000005589.pdf

- A convocatoria, publicada no BOP nº 132 de 18 de agosto de 2020: https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/18/2020_0000005679.pdf

Máis información no concello de Vedra no teléfono 669.450.801 de luns a venres de 9:00 a 13:00 horas.



Iniciativas Asociativas

■ ATENCIÓN!!

Debido á situación extraordinaria que vivimos pola pandemia da COVID-19, moitas entidades aínda non teñen definida a súa programación de actividades.

Publicaremos as súas propostas, por todos os medios de difusión municipais, conforme as vaian definindo.



ASOCIACIÓN AMABUL. ESCOLA DO VOLUNTARIADO AMBIENTAL

■ Amabul comeza a súa Aula de Outono con este ciclo de mesas de experiencias de voluntariado.

Trátase dunha actividade gratuíta destinada a todas as persoas interesadas na acción voluntaria.

Estrutúrase en 4 xornadas nas que, colectivos e persoas con recoñecida traxectoria no eido do voluntariado, nos contarán as súas experiencias.

As persoas interesadas en inscribirse nalguna das xornadas deben facelo a través deste enlace: https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdZOINu9wtWOVqKTodAyy2pzAGCwbyfU2wVL1jQfcA2KY3Pfw/viewform?usp=pp_url

Venres 18 de setembro ás 20:00 h.
A educación e o voluntariado ambiental como estilo de vida
Manuel Allegue, educador ambiental en Ribeirán Proxectos Naturais

Venres 25 de setembro ás 20:00 h.
Evolución e perspectivas do voluntariado ullán
Grupos de voluntariado ambiental da Asociación Amabul, voluntariado xuvenil e sénior do Concello de Vedra e voluntariado xuvenil do Concello de Boqueixón

Sábado 19 de setembro ás 11:00 h.
O proxecto Ríos. Os Campos de Voluntariado Ambiental do Río Tea
ADEGA, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Sábado 26 de setembro ás 11:00 h.
Voluntariado para o cambio ecosocial
Marta Pernas, traballadora social de Sustinea

Fragas do Mandeo: Dez anos eliminando invasoras
Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

Vedra
Máis información e inscricións:
asoc.amabul@gmail.com
www.facebook.com/asoc.amabul
Tel: 620 42 40 90



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ Escola de música e baile tradicional. GAITA, REQUINTA, ACORDEÓN. PERCUSIÓN, BAILE TRADICIONAL, ANDEIRETA

Horarios:

Luns:

- 18:00 - 19:00 h.: Iniciación ao baile tradicional+ pandeireta (a partir de 4 anos).
- 19:00 - 20:00 h.: Perfeccionamento ao baile tradicional.
- 20:00 - 21:00 h.: Iniciación á pandeireta.
- 21:00 - 22:00 h.: Perfeccionamento á pandeireta. (maiores de 18 anos).
- 22:00 - 23:00 h.: Baile tradicional para adultos.

Luns:

- 19:30 - 20:30 h.: gaita, requinta e percusión.
- 20:30 - 21:30 h.: acordeón.

Prezos:

Musica e baile tradicional:

- Baile + pandeireta, gaita, requinta, percusión: 10 €/mes socios/as. (Non socios/as, 15 €/mes)

Acordeón:

- 18 €/mes socios/as. (Non socios/as, 22 €/mes)

Profesores:

- Emilio Lois (música tradicional).
- Gustavo Couto (baile e pandeireta).

■ Clases de guitarra española e guitarra eléctrica.

INICIACIÓN:

- Día e hora: Os martes ás 18:00 h.

Prezo:

- 15 €/mes socios/as.
- 25 €/mes non socios/as.

Grupos reducidos de 4 persoas.

PERFECCIONAMENTO:

- Día e hora: Os martes a partir das 19:00 h.

Prezo:

- 15 €/hora socios/as.
- 20 €/hora non socios/as.

Atención individualizada.

Profesor:

- Diego Moreira (Guitarrista da París de Noia).

■ Clases de Baixo eléctrico e Ukelele. Iniciación e perfeccionamento:

- Día e hora: os venres ás 16 horas.

Prezo:

- 15€/mes socios/as.
- 25€/mes non socios/as.

Grupos reducidos de 4 persoas.

Opción para atención individualizada.

Prezos:

- 15 € a hora para persoas asociadas.
- 20€ a hora para persoas non asociadas.

Profesora:

- Maite Vascuas (baixista en diferentes grupos)

Lugar das actividades:

Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón

Para máis información e inscricións: 659055017 • 648253646 • email: acsancampio@gmail.com
Inscricións ata o 30 de setembro. Os horarios son orientativos e poden sufrir variacións segundo a formación dos grupos. O desenvolvemento de todas as actividades quedarán suxeitas ao protocolo para a prevención da COVID 19.

CURSO DE INFORMÁTICA DA AAVV SAN MIGUEL DE SARANDÓN E DO SINDICATO LABREGO GALEGO

■ Lugar: O telecentro de Vedra
Calendario: 15 horas durante o mes de outubro



CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR 2020 ORGANIZADO POLA FEGATEA E A ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

Programa:

- Domingo 4 de outubro ás 20:00 h: Tiruleque Teatro con "A farsa de Maitre Pathelin" (TP)
- Venres 9 de outubro ás 21:15 h: Andaravía Teatro con "Dramatizando" (+16)
- Sábado 10 de outubro ás 21:15 h: Teatro Escoltade con "Un hotel de primeira sobre o río" (TP)
- Domingo 11 de outubro ás 20:00 h: Avelaíña Teatro con "A Lola" (+16)

O aforo será limitado e as prazas serán asignadas por orde de chegada.

Esta acción realizarase seguindo estritamente todos os protocolos de prevención da COVID-19 e sempre que as recomendacións sanitarias así o permitan.

ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

**ESCOLA DE MÚSICA
SANTA CRUZ DE
RIBADULLA**
CURSO 2020/2021

- MÚSICA E MOVEMENTO (A PARTIR DOS 3 ANOS)
- LINGUAXE MUSICAL
- BANDA INFANTIL
- BANDA XUVENIL
- PIANO
- GUITARRA
- CLARINETE
- FRAUTA
- OBOE
- FAGOT
- SAXO
- TROMPA
- TROMPETA
- TROMBÓN
- TUBA
- BOMBARDINO
- PERCUSIÓN

Logos: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, Ulla O!s.l., Ramsa

CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

Con protocolo de prevención COVID19

Triatlón

PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
GRUPO 1 PREBENXAMÍN (nad@as en 2013 e 2014) BENXAMÍN (nad@s en 2011 e 2012) ALEVÍN (nad@s en 2009 e 2010)	19:00 - 20:30 Carreira e natación Piscina de Teo		18:00 a 19:00 Carreira e/ ou ciclismo na pista de Vedra 19:30 a 20:15 natación na piscina de Teo
GRUPO 2 INFANTIL (nad@s en 2007 e 2008) CADETE (nad@s en 2004, 2005 e 2006) JUNIOR (nad@s en 2002 e 2003)	17:30 - 18:30 Carreira e/ou ciclismo na pista de Vedra	18:30 a 20:45 Carreira e natación Piscina de Teo	18:00 a 19:00 Carreira e/ ou ciclismo na pista de Vedra 20:15 a 21:00 natación na piscina de Teo

Atletismo

PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
GRUPO 1 PREBENXAMÍN (nad@as en 2014) BENXAMÍN (nad@s en 2012 e 2013) ALEVÍN (nad@s en 2010 e 2011)	16:30 a 17:30	16:30 a 17:30	16:30 a 17:30
GRUPO 2 INFANTIL (nad@s en 2008 e 2009) CADETE (nad@s en 2006 e 2007) JUNIOR (nad@s en 2004 e 2005)	17:30 a 19:00	17:30 a 19:00	17:30 a 19:00

Prazas limitadas. Fai a solicitude de reserva de praza na nosa páxina web www.olimpicodevedra.com (riguroso orde de inscrición). Para máis información: olimpicodevedra@hotmail.com ou no teléfono 656 580 706. Os horarios poden verse modificados/adaptados para o cumprimento obrigado do protocolo COVID19 do club.



...A FOU (José Antonio Pose)

■ Pola súa presentación na Moncloa dos avances da Formación Profesional como “ascensor social” de grupos desfavorecidos e a súa necesidade dunha maior especialización para avanzar, diante do Presidente do Goberno Pedro Sánchez, na presentación do novo Plan Estatal de Modernización destas ensinanzas.



...A ADEGA VALDÉS


■ Polo seu primeiro premio na LXVIII Cata do Albariño de Cambados co seu “Gundián” nunha competición entre 46 marcas, na que a súa foi a máis e mellor valorada... Outro triunfo da nosa subzona na D.O Rías Baixas!



...AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Polo seu bronce júnior por equipos e as súas dúas medallas en grupos de idade para o Olímpico de Vedra no Nacional de triatlón.

Tania Garabatos proclamouse campioa de España no grupo de 35 a 39 anos, Elena Míguens foi bronce e o equipo júnior masculino obtivo un bronce.



É este un atípico retorno á competición pero que remata con mellor botín que sensacións no que é a volta á competición da escadra vedresa despois de 5 meses de inactividade competitiva pola crise sanitaria, nos que non foi sinxelo manter a motivación á hora de adestrar, o que xa é digno de mención.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.